



A Pobra do Caramiñal

Manuel M.<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta ó pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa á redución da Taxa por licenza de apertura.

### **Exposición de Motivos:**

Tras unha enorme crise económica, que destruíu milleiros de postos de traballo, así coma de empresas, tras un gran esforzo por parte da cidadanía e unhas medidas acertadas por parte do goberno, hoxe a tendencia estase invertendo. Os datos son claros: o número de parados está a niveis de 2008 nun 16,8%, a creación de empresas é un 9% maior neste ano 2017 en relación ó 2016. As altas de autónomos e emprendedores é hoxe, un 7% máis ca no ano 2016.

Sen dúbida, medidas como a tarifa plana de 50 euros para menores de 35 anos, axudan neste propósito, a reforma da lei de autónomos, e todas as medidas que contan ca aprobación da Federación de Traballadores Autónomos.

Pero non só a nivel estatal estanse lexislando na consecución de facilitar que hoxe sexa máis fácil emprender, tamén dende a propia Xunta de Galicia con diferentes plans coma por exemplo a estratexia autónomo e emprega feminino.

A propia Deputación tamén mediante subvencións para persoas desempregadas. En resumo, é necesario un traballo conxunto de tódolos actores políticos, para conseguir a redución dos desempregados, e dar facilidades ás PEMES para empregar, e ós xóvenes para desenvolver as súas ideas.

O noso concello como administración, está a poñer tamén o seu gran de area, non só facendo campañas de fomento ó comercio local, senón tamén habilitando espazos onde comezar a desenvolver un negocio, ou idea. Pero dende o PP cremos que podemos facer máis, é por iso que propoñemos a redución nun 75% da taxa de apertura dun pequeno negocio, e dun 90% se a apertura a fai unha persoa menor de 35 anos.

A Pobra do Caramiñal

**Por todo isto solicitamos ó pleno da corporación:**

1. Redución da taxa por licenza de apertura para un pequeno ou mediano negocio que queira abrir no noso municipio nun 75%.
2. Redución da taxa por licenza de apertura para un pequeno ou mediano negocio que queira abrir no noso municipio nun 90% cando se trate de menores de 35 anos.

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**